

## Negociación IX Convenio de Ensino e Formación non Regrada: “poucos e insuficientes avances”

O pasado 16 de abril tivo lugar unha nova reunión da Comisión Negociadora do IX Convenio de Ensino e Formación non Regrada, co obxecto de continuar coa negociación do Convenio Colectivo.

Ante o escaso avance que houbo nos últimos meses, o banco patronal realizou unha nova proposta:

### **Contratación**

Aceptaban incorporar ao novo convenio que os traballadores a tempo parcial teñan preferencia a ocupar os postos vacantes a tempo completo, ou ampliar a súa xornada ata o máximo establecido para o seu posto de traballo se a xuízo da Dirección da empresa e escoitados os representantes dos traballadores, posúen a capacidade, titulación e idoneidade requirida para desenvolvelo.”

### **Clasificación Profesional**

Non asumen nin cren necesario crear a figura de “Mestre de Taller”, xa está a de “ Formador para o Emprego” nin a de “Conserxe” está a categoría de “Empregado de Servizos Xerais”.

Do mesmo xeito tampouco aceptan que haxa que assimilar o Profesor Auxiliar ao Profesor Titular.

### **Cesamentos**

Baixar os días de aviso previo, se o cesamento débese a vontade do traballador, a 25 días de antelación. Caso de incumprimento, a empresa poderá descontarlle da súa liquidación dous días de salario por cada día de atraso no aviso previo/previo aviso.

### **Permisos**

Adaptación dos mesmos á lexislación vixente. Que comecen en día laborable para o traballador e o disfrute sexa ininterrompido.

Creación dunha bolsa de 15 horas anuais retribuídas para asistir a consultas médicas de especialistas tanto do propio traballador como de fillos menores de 12 anos, fillos con discapacidade e familiares ata o primeiro grao de consanguinidade a cargo en situación de dependencia.

### **Outros**

Incorporar o acordo de rexistro de control horario e xornada.

Incluír un novo apartado para recoller as medidas de igualdade nas empresas con referencias ao plan de igualdade.

**Proposta salarial:** só para o salario basee

**2020:** conxelación

**2021:** 1% -1,5%

**2022:** 1,25% - 1,5%

FeSP-UGT valora este tímido avance na proposta patronal, pero **non podemos aceptar a proposta salarial**, xa que segue moi afastada da proposta presentada no seu momento por UGT, e que segue estando encima da mesa.

FeSP-UGT presentou o 4 de marzo de 2020, á Comisión Negociadora do IX Convenio Colectivo de Ensino Non Regulado un avance dos contidos mínimos que ía expor na negociación, baseados en tres liñas fundamentais:

#### **Máis salarios, alcanzando xa para 2020 as seguintes contías:**

- ✚ Profesor titular, de taller e xefe de administración 17.500€.
- ✚ Encargado de almacén 14.500€.
- ✚ Salarios vinculados ata 2019 co SMI, actualizar a 13.300€ en SB.
- ✚ Resto de salarios, que en 2019 estivesen cunha contía por encima dos 12.600€ (anterior SMI) anuais en SB, manterán esa mesma contía por encima dos 13.300€ anuais.
- ✚ Incremento do 3% no complemento de dedicación.

#### **Maior estabilidade laboral:**

- ✚ Establecer un límite á contratación parcial, máximo o 20% dos traballadores.
- ✚ Establecer límites esixentes aos contratos temporais.
- ✚ Refacer a clasificación profesional incorporando novas figuras profesionais.
- ✚ Incorporar un anexo para a regulación do traballo en liña. Así mesmo, regular o teletraballo e a desconexión dixital.

#### **Máis dereitos sociais:**

- ✚ Homologar, para os traballadores do ensino non regrado, os novos dereitos incorporados noutros convenios do ensino privado.

As patronais pecharon desde o principio da negociación a posibilidade de modificar e rebaixar xornada, por tanto é imprescindible que polo menos podamos conseguir un aumento máis consistente nas retribucións. É conveniente insistir, no ámbito do ensino non regrado, que os salarios son os máis baixos de todo o ensino



# Informa-t

privado. Ademais, normalizouse a temporalidade no emprego e o uso dos contratos a tempo parcial neste ámbito. Desde o noso punto de vista segue sendo inasumible.

Para FeSP-UGT, segue sendo clave un aumento importante dos salarios, moi por encima dos propostos polas organizacións patronais. Así mesmo, desde UGT seguimos esixindo cambios na xornada de traballo, o establecemento de límites á temporalidade e aos contratos a tempo parcial.

A próxima reunión será o 5 de maio de 2021. Manterémosvos informados.

**Sindicato Nacional de Ensino Privado**

**XUNTOS PODEMOS MÁIS**